

**Resolución do 27 de febreiro de 2025 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se convocan estadías formativas en empresas ou organismos equiparados para o ano 2025 destinadas ao profesorado dos corpos e das especialidades vinculadas ás ensinanzas de formación profesional inicial e ás ensinanzas de réxime especial deportivas, de artes plásticas e deseño, de conservación e restauración de bens culturais e de música e artes escénicas.**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 102.1 que a formación permanente do profesorado constitúe un derecho e unha obriga de todo o profesorado, e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros.

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, no seu artigo 87 establece que a formación permanente é un derecho e unha obriga de todo o profesorado e persoal formador do Sistema de Formación Profesional, así como unha responsabilidade das administracións e dos mesmos centros que imparten formación profesional; igualmente, sinala que os programas de formación permanente deberán garantir a adecuación dos coñecementos e capacidades do profesorado e do persoal formador aos cambios tecnolóxicos e de sostibilidade en cada sector produtivo, e ás transformacións na organización do traballo.

O Decreto 74/2011, do 14 de abril, regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, establece na súa disposición adicional segunda, referida á relación con empresas, que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas más implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Unha das finalidades desta colaboración será a actualización profesional das persoas traballadoras, así como do profesorado. Esta formación poderá incluír estadías temporais do profesorado nas empresas.

Así mesmo, o feito de que os ciclos formativos e algúns cursos de especialización, teñan como obligatorio un período de formación na empresa, fai necesario que o profesorado teña previamente un coñecemento directo dos procesos produtivos que se desenvolven nas mesmas.



Neste sentido, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional proponse satisfacer as devanditas necesidades formativas, co obxectivo, en todo caso, de conseguir a mellora do sistema educativo a través da formación dos/das seus/súas profesionais e achegar o profesorado ao mundo produtivo e aos seus avances tecnolóxicos.

Esta actuación pode ser obxecto de cofinanciamento polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, e polo Fondo Social Europeo Plus no marco financeiro 2021-2027, segundo a Resolución do 25 de novembro de 2024, da Secretaría Xeral de Formación Profesional, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Educación do 7 de outubro de 2024 (BOE do 12 de decembro de 2024). En dita conferencia aprobase o reparto resultante do crédito destinado no ano 2024 á formación do profesorado dos sectores produtivos. En virtude do anterior, esta Dirección Xeral de Formación Profesional.

#### DISPÓN:

#### *Artigo 1. Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto convocar 180 prazas de estadías formativas en empresas ou organismos equiparados para o ano 2025 dirixidas ao profesorado dos corpos e das especialidades vinculadas ás ensinanzas de formación profesional inicial e ás ensinanzas de réxime especial deportivas, de artes plásticas e deseño, de conservación e restauración de bens culturais e de música e artes escénicas.

#### *Artigo 2. Persoas destinatarias*

Para poder participar nesta convocatoria, o profesorado deberá cumplir os seguintes requisitos:

- a) Ser funcionario/a nalgún dos corpos e das especialidades as que se fai referencia no artigo 1.
- b) Estar en situación de servizo activo no período solicitado para a realización da estadía, prestando servizos en centros públicos dentro do ámbito de xestión da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- c) Non ter concedida unha licenza por formación na que coincida, total ou parcialmente, o mesmo período de vixencia que o previsto para a realización da estadía, xa que se consideran incompatibles ambas as modalidades de formación.



- d) No caso de solicitar unha empresa onde xa realizara unha estadía nos tres anos anteriores, a persoa candidata deberá xustificar debidamente os motivos polos que solicita a mesma empresa.
- e) Non ter relación de parentesco de primeiro nin de segundo grao coa persoa responsable da empresa ou organismo equiparado.
- f) Non ter obtido avaliación negativa nin cancelación por causas non xustificadas en ningunha estadía formativa das últimas tres convocatorias.
- g) En todo caso, a estadía solicitada estará directamente relacionada coa súa actividade docente.

#### *Artigo 3. Modalidades e distribución das prazas*

1. Segundo se trate de empresas ou organismos equiparados ofrecidas pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ou de empresas e prazas propostas pola persoa interesada, establecense dúas modalidades.
  - a) Modalidade A (50 prazas): estadías formativas nas empresas ou organismos equiparados acollidas a este programa, que se relacionan no anexo I.
  - b) Modalidade B (130 prazas): estadías formativas noutras empresas ou organismos equiparados.

Para facilitar a procura de postos de formación, publicarase no seguinte endereço a relación de empresas ou organismos equiparados que manifestaron o seu interese en participar nesta convocatoria, coa especialidade da estadía e o seu período de realización:

[<https://www.edu.xunta.gal/fp/estadias-formativas-en-empresa>]

Nesta modalidade B de estadía, a persoa solicitante deberá asinar un acordo de colaboración coa empresa ou organismo equiparado (anexo III).

En calquera caso, a persoa solicitante poderá asinar o acordo con calquera outra empresa ou organismo equiparado que non figure nesta relación.

2. As prazas non cubertas polas persoas candidatas nunha das modalidades poderán ser acumuladas na outra.
3. Durante o período de formación na empresa ou organismo equiparado deberán respectarse os protocolos establecidos polas autoridades sanitarias, así como as medidas específicas establecidas polas propias empresas.

#### *Artigo 4. Períodos de realización e duración das estadías formativas*

1. A duración total de cada estadía será como mínimo de oito horas e como máximo de 160 horas.
2. Durante a realización da estadía, o profesorado cumplirá o horario establecido no proxecto, previamente pactado coa empresa. Deberáselle comunicar con antelación calquera ausencia total ou parcial nalgúnha das xornadas previstas á persoa de contacto na empresa, así como á persoa asesora de formación do ámbito da formación profesional (de aquí en adiante, persoa asesora de formación).
3. Con carácter xeral, poderanse realizar as estadías formativas en empresas ou organismos equiparados desde o día seguinte ao da data da publicación da Resolución definitiva desta convocatoria ata o 5 de setembro de 2025, agás durante o mes de agosto. Non obstante, de xeito excepcional, dependendo da familia profesional e por razóns debidamente xustificadas, poderase autorizar a realización de estadías formativas durante ese mes.
4. Con carácter xeral, as estadías non deberán interferir coas actividades lectivas establecidas no horario do profesorado. No caso de que a estadía coincida no horario do profesorado co período de formación na empresa ou organismo equiparado do alumnado deberanse cubrir as actividades de recuperación de módulos pendentes, así como o seguimento da propia formación na empresa ou organismo equiparado e, de ser o caso, do módulo de proxecto.
5. Teranse en conta as seguintes consideracións:
  - a) A duración diaria das xornadas de estadía na empresa non poderá ser inferior a dúas horas ininterrompidas nin superior a oito, agás situacións excepcionais debidamente xustificadas.
  - b) A duración e o período de realización serán acordados para cada caso entre a empresa e a persoa asesora de formación correspondente, con base nas preferencias das persoas solicitantes.

#### *Artigo 5. Procedemento de solicitude e prazos*

1. O procedemento de solicitude desenvolverase en dúas fases:
  - a) Na primeira fase a persoa solicitante iniciará o procedemento de solicitude accedendo, no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da data da publicación desta resolución, á pestana "Convocatorias" da aplicación informática Fprofe, indicando a modalidade de estadía solicitada, así como un posible título ou contido desta. No caso de solicitar unha

estadía da modalidade B de entre as empresas que manifestaron o seu interese en participar nesta convocatoria (artigo 3.1.b), indicarase o nome da empresa escollida.

Co inicio do procedemento, a persoa solicitante está a manifestar a súa intención de participar nesta convocatoria coa finalidade de que unha persoa asesora de formación se poña en contacto coa persoa solicitante co obxectivo de ofrecer orientación e asesoramento na elaboración do proxecto para a realización da estadía, así como na formalización da documentación requirida. Posteriormente, a persoa asesora de formación, co fin de axustaren as actividades ás necesidades de formación e ao perfil do profesorado, deberá contactar coa persoa responsable da empresa ou organismo equiparado, tanto do Anexo I coma da relación de empresas que manifestaron o seu interese en colaborar nesta convocatoria.

- b) Na segunda fase, para finalizar o procedemento de solicitude, a persoa solicitante disporá de sete días hábiles contados a partir do seguinte ao remate do prazo da fase anterior para:

- 1.b.1. Realizar o proxecto en Fprofe, seguindo o guión que se detalla no apartado 2 deste artigo e xuntando na epígrafe "Soporte informático do proxecto" para a modalidade A unha copia dixitalizada do anexo II, e para a modalidade B unha copia dixitalizada dos anexos II e III, debidamente cubertos e asinados, que poderá descargar no seguinte enderezo:

[<https://www.edu.xunta.gal/fp/estadias-formativas-en-empresa>]

Os devanditos documentos poderanxe asinar dixitalmente. Se algúñ documento require máis dunha sinatura, no caso de ser dixital, todas deberán ser por este procedemento.

- 1.b.2. Presentar na sede electrónica da Xunta de Galicia unha solicitude xenérica a través do procedemento PR004A, que deberá identificarse co asunto "Solicitud de estadía formativa na empresa ou organismo equiparado", na epígrafe "Asunto relacionado". A esta solicitude xenérica deberánselle xuntar os anexos correspondentes, debidamente cubertos e asinados, e dirixirse á Dirección Xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Esta documentación tamén poderá presentarse en soporte impreso, debidamente selada e asinada, por calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As persoas

solicitantes deberán remitir unha copia dixitalizada desta documentación, así como do recibo da súa presentación, por correo electrónico, no prazo establecido, ao seguinte enderezo: [sfp@edu.xunta.gal](mailto:sfp@edu.xunta.gal).

2. As persoas solicitantes deberán elaborar un proxecto para a realización da estadía cubrindo o modelo dispoñible na aplicación en Fprofe e detallando en cada epígrafe os seguintes aspectos:
  - a) Competencias profesionais:
    - Nesta epígrafe a persoa solicitante seleccionará as competencias profesionais docentes relacionadas coas actividades que desenvolverá durante a estadía.
  - b) Xustificación:
    - Descripción das necesidades formativas detectadas durante a actividade docente e as áreas susceptibles de mellora.
    - Importancia da estadía para a práctica docente.
    - Criterios de procura e elección da empresa escollida para a realización da estadía.
  - c) Obxectivos:
    - Relación dos obxectivos que se pretende acadar durante a realización da estadía.
  - d) Contidos:
    - Descripción dos contidos que se pretende tratar ao longo da estadía.
  - e) Metodoloxía que se pretende seguir:
    - Descripción da metodoloxía que a persoa solicitante pretende seguir para acadar os obxectivos establecidos.
  - f) Organización de recursos humanos e materiais:
    - Relación dos importes dos conceptos que componen o orzamento solicitado, onde se detalle:
      - i. Para as estadías que teñan lugar en Galicia pero fóra do termo municipal da súa residencia habitual ou do seu centro de destino: o termo municipal da residencia habitual e do centro de destino, número de xornadas, tramo aplicable e porcentaxe de desconto, segundo se establece no artigo 10.4.a) desta convocatoria.
      - ii. Para estadías que teñan lugar no resto de España: desprazamento (desagregando o tipo de medio de transporte

que se empregará), aloxamento e manutención, segundo se establece no artigo 10.4.b) desta convocatoria.

g) Temporalización:

- Datas e horario en que se realizará a estadía na empresa ou organismo equiparado.

h) Proceso e criterios para a avaliación do proxecto:

- Descripción do procedemento de avaliación dos resultados acadados coa realización da estadía e criterios que se aplicarán para a súa realización.

i) Soporte informático do proxecto:

- Nesta epígrafe deberanxe xuntar o anexo II para a modalidade A e os anexos II e III na modalidade B desta convocatoria debidamente cubertos e asinados.

j) Orzamento:

- Nesta epígrafe farase constar o importe total do orzamento solicitado.

*Artigo 6. Comisión de selección e avaliación*

1. Na Dirección Xeral de Formación Profesional constituirase unha comisión que realizará a selección e a avaliación. Esta comisión terá a seguinte composición:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Cualificacións, Planificación e Xestión da Formación Profesional ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente/a.
- A persoa titular da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente, Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular do Servizo de Programación da Formación Profesional.
- Unha persoa asesora de formación profesional pertencente aos servizos centrais da Dirección Xeral de Formación Profesional.
- Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actuará como secretario/a.

2. Son funcións da comisión de selección as seguintes:

- Seleccionar e aprobar as solicitudes de estadía presentadas segundo o establecido na presente convocatoria.
- Velar para que se cumpran as condicións establecidas na aprobación definitiva.
- Avaliar e propor a certificación da formación das persoas participantes, logo de concluída a estadía e entregada a documentación detallada no artigo 12.2.a) da presente convocatoria.

*Artigo 7. Selección*

1. Tras a análise das solicitudes recibidas e dos informes elaborados polo persoal asesor de formación responsable de cada proxecto, a comisión de selección e avaliación reunirase para a selección e a aprobación da realización de estadías formativas dos proxectos presentados que obteñan unha puntuación mínima de cinco puntos, de acordo co seguinte baremo:
  - a) Rigor e coherencia na elaboración do proxecto e na concreción dos obxectivos, dos contidos e do orzamento, tendo en conta a adecuación da empresa ou organismo equiparado seleccionado: ata un máximo de 4 puntos.
  - b) Adecuación dos obxectivos formulados aos dos currículos nos que teña atribución docente a persoa solicitante: ata un máximo de 3 puntos.
  - c) Situación e idoneidade da empresa ou organismo equiparado seleccionado na contorna do centro de destino do persoal docente solicitante: ata un máximo de 3 puntos.
2. No caso de que os proxectos de estadías baremados coa puntuación necesaria para a súa aprobación superen o número de prazas ofertadas, a orde de preferencia será a seguinte:
  - a) Profesorado funcionario de carreira ou en prácticas:
    - Que non realizara estadía ningunha.
    - Que estea a impartir nunha ensinanza na modalidade de FP dual intensiva.
    - Que estea a impartir no presente curso académico módulo/s profesional/ais dun curso de especialización.
    - Que realizara unha, dúas ou tres estadías, e así sucesivamente.
    - Antigüidade como funcionario de carreira.

b) Profesorado interino:

- Que non realizara estadía ningunha.
- Que estea a impartir nunha ensinanza na modalidade de FP dual intensiva.
- Que estea a impartir no presente curso académico módulo/s profesional/ais dun curso de especialización.
- Que realizara unha, dúas ou tres estadías, e así sucesivamente.

Este mesmo procedemento aplicarase na modalidade A, e de ser o caso na modalidade B, cando máis dunha persoa solicite a realización da mesma estadía no mesmo centro de traballo e no mesmo período.

No caso de empate, aplicarase o disposto na Resolución do 21 de xaneiro de 2025 da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

*Artigo 8. Resolución provisional da convocatoria*

1. A resolución provisional de concesión de estadías formativas en calquera das modalidades farase pública no enderezo:

[\[https://www.edu.xunta.gal/fp/convocatoria-estadias-empresas\]](https://www.edu.xunta.gal/fp/convocatoria-estadias-empresas)

2. A partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional abrirase un prazo de tres días hábiles para interpor unha reclamación ou presentar unha renuncia á concesión da estadía.

As reclamacións e renuncias presentaranse por sede electrónica a través do procedemento PR004A, que deberá identificarse co asunto "Reclamación/renuncia á resolución provisional de estadías formativas en empresas ou organismos equiparados", na epígrafe "Asunto relacionado". Esta solicitude xenérica dirixirse á Dirección Xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e xuntaráselle, para o caso de renuncias, o anexo IV desta convocatoria.

Tamén se poderán presentar por calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Deberase remitir ademais unha copia dixitalizada da reclamación ou renuncia, así como do recibo de presentación desta, por correo electrónico, no prazo establecido, ao seguinte enderezo: [sfp@edu.xunta.gal](mailto:sfp@edu.xunta.gal).

3. As renuncias poderán presentar alegando motivos persoais debidamente xustificados (anexo IV) ou por ter concedida unha licenza por formación na que coincida, total ou parcialmente, o mesmo período de vixencia que o previsto para a realización da estadía. Neste caso, a persoa solicitante deberá renunciar a unha das dúas modalidades de formación por considerarse incompatibles.

*Artigo 9. Resolución definitiva da convocatoria*

1. A comisión de selección realizará unha proposta de resolución desta convocatoria que se elevará á directora xeral de Formación Profesional, quen ditará a resolución. A resolución definitiva de concesión de estadías formativas en calquera das modalidades farase pública no enderezo:

[\[https://www.edu.xunta.gal/fp/convocatoria-estadias-empresas\]](https://www.edu.xunta.gal/fp/convocatoria-estadias-empresas)

2. Logo de publicada a resolución definitiva admitiranse renuncias nos seguintes casos:
  - a) Cando á persoa solicitante lle fora concedida unha licenza por formación na que coincida, total ou parcialmente, o mesmo período de vixencia que o previsto para a realización da estadía, por considerarse incompatibles as dúas modalidades de formación.
  - b) En casos de excepcional gravidade valorados pola comisión de selección e avaliación designada pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O profesorado cuxa renuncia non fose admitida e non participe na actividade para a que fose seleccionado, perderá a súa preferencia para participar nas vindeiras tres convocatorias da actividade, agás nos casos excepcionais autorizados.

3. Contra a resolución definitiva de concesión de estadías, as persoas interesadas poderán interpor un recurso de alzada ante o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A resolución do devandito recurso esgotará a vía administrativa.
4. As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de seis meses contados a partir do derradeiro día de presentación de solicitudes.

#### Artigo 10. *Dotación e xestión económica*

1. Esta actuación pode ser financiada polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e polo Fondo Social Europeo Plus cos importes que foron asignados á Comunidade Autónoma de Galicia para fomentar a formación, perfeccionamento e mobilidade do profesorado de FP.
2. As bolsas de asistencia aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.422M.640.18 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por un importe máximo de 414.000,00 euros.
3. Logo de realizadas as estadías e feita a liquidación de gastos de cada participante e unha vez avaliada a estadía por parte da comisión de selección e avaliación, as bolsas serán aboadas nun libramento único e directo á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria.
4. O profesorado seleccionado terá dereito:
  - a) Sempre que a estadía teña lugar en Galicia pero fóra do termo municipal da súa residencia habitual ou do seu centro de destino, a unha bolsa de estudos. A contía da bolsa que percibirá por día laboral de asistencia á empresa será a que se indica a seguir, tendo en conta a distancia máis curta en quilómetros desde o seu domicilio habitual ou o centro de destino ata a empresa correspondente.

Os tramos aplicables serán os seguintes:

- Ata 25 quilómetros: 26,43 euros por día.
- Entre 25 e 50 quilómetros: 42,27 euros por día.
- Máis de 50 quilómetros: 52,87 euros por día.

Quen se acolla a xornadas laborais de cinco ou seis horas terá unha redución do 10% do importe de cada xornada; quen se acolla a xornadas laborais de dúas, tres ou catro horas terá unha redución do 20% do importe de cada xornada.

En todo caso, a contía máxima que poida percibir o profesorado que realice unha estadía formativa en Galicia pero fóra do termo municipal da súa residencia habitual ou do seu centro de destino non poderá superar a cantidade de 1.500,00 euros.

- b) Sempre que a estadía teña lugar no resto de España, os gastos das estadías formativas aboaranse de acordo co establecido no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia. Neles inclúense os gastos de

manutención, aloxamento e desprazamento de ida e volta ao lugar de realización da estadía formativa.

En todo caso, a contía máxima que perciba cada profesor/a que realice unha estadía fóra de Galicia, no resto de España, non poderá superar a cantidade de 2.300,00 euros.

#### *Artigo 11. Seguimento*

1. Para garantir o axeitado cumprimento dos obxectivos das estadías que se desenvolvan en Galicia, as persoas asesoras de formación efectuarán a presentación das persoas interesadas na empresa e levarán a cabo un seguimento do desenvolvemento da estadía.

Co mesmo fin, para as estadías que se desenvolvan no resto de España, as persoas asesoras de formación manterán contactos por vía telemática ou telefónica tanto coas empresas como co profesorado que estea a realizar a estadía.

2. Coa finalidade de realizar a presentación na empresa e o seguimento do desenvolvemento da estadía, a persoa que teña concedida unha estadía comprométese a estar localizable mediante o correo electrónico corporativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e, se así o considera, por calquera outro medio que comunique ás persoas asesoras de formación.
3. Previamente ao inicio dunha estadía, as persoas asesoras de formación poranse en contacto coa persoa responsable da empresa coa finalidade de axustaren as actividades ás necesidades de formación e ao perfil do profesorado.

#### *Artigo 12. Avaliación*

1. A avaliación de cada estadía será competencia da comisión de selección e avaliación.
2. Para todas as modalidades, no prazo máximo de 20 días naturais logo de rematado o período de realización da estadía formativa, o profesorado deberá:
  - a) Elaborar a memoria final da estadía cubrindo o modelo dispoñible na aplicación en Fprofe, detallando en cada epígrafe os seguintes aspectos:
    - Características do contexto en que se desenvolveu o proxecto: descripción do contexto produtivo en que se desenvolveu a estadía, as tecnoloxías empregadas, os perfís profesionais, etc.

- Xustificación das variacións introducidas respecto do proxecto inicial: deberanse xustificar as modificacións que sufriu a estadía formativa, de ser o caso, con respecto ao proxecto inicial.
- Obxectivos acadados: obxectivos previstos no proxecto inicial e o seu grao de consecución.
- Contidos: descripción dos contidos desenvolvidos durante a realización da estadía.
- Metodoloxía: descripción da metodoloxía seguida no desenvolvemento dos contidos previstos inicialmente para acadar os obxectivos da estadía.
- Organización de recursos humanos e materiais: descripción sintética das actividades realizadas na empresa durante a estadía, así como a implicación da empresa no proceso.
- Temporalización: datas e horario de realización da estadía.
- Proceso e criterios para a avaliación do proxecto: valoración dos aspectos da estadía e descripción dos criterios de avaliación e do proceso empregado para a súa avaliación.
- Conclusíons: logros e incidencia no centro; utilidade da experiencia para a actividade docente, para as ensinanzas ou para os módulos de cada ensinanza.
- Soporte informático da memoria: nesta epígrafe deberanse xuntar os seguintes documentos debidamente cubertos e asinados:
  - i. Certificación da empresa ou organismo equiparado que reflecta as horas por día e os días laborais en que se realizara a estadía formativa na empresa, segundo o modelo do anexo V.
  - ii. No caso de estadías desenvoltas no resto de España, xuntaranse ademais xustificantes dixitalizados dos orixinais de billetes de avión e tarxetas de embarque, billetes de tren, metro ou autobús, factura de axencia, facturas de taxi, e calquera outro medio de transporte, segundo o caso, declaración responsable de ter realizado o desprazamento en vehículo propio indicando a matrícula do vehículo en que se realizou o desprazamento, a localidade de saída, a localidade de destino e o total de quilómetros realizados, así como recibos de autoestrada e aparcadoiro, e as facturas correspondentes aos gastos de aloxamento.
- b) Presentar na sede electrónica da Xunta de Galicia unha solicitude xenérica, que deberá identificarse co asunto "Memoria final de estadía formativa en empresas ou organismos equiparados", na epígrafe "Asunto relacionado". A

esta solicitude xenérica deberáselle xuntar a documentación descrita na epígrafe "Soporte informático da memoria" e dirixirse á Dirección Xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Esta documentación tamén se poderá presentar en soporte impreso, debidamente selada e asinada, por calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As persoas solicitantes deberán remitir ademais unha copia dixitalizada da documentación descrita na epígrafe "Soporte informático da memoria", así como do recibo de presentación desta, por correo electrónico, no prazo establecido, ao seguinte enderezo: sfp@edu.xunta.gal.

3. Non se valorarán os modelos que non se adapten ao formato proposto, nin os que se cubran á man.
4. A persoa asesora de formación responsable de cada estadía deberá elaborar un informe final relativo ao desenvolvemento de cada estadía e á elaboración da memoria final.
5. A comisión de selección e avaliación contará con estes informes para avaliar o desenvolvemento da estadía e propor o número de horas, para os efectos da certificación que expedirá o director ou a directora do centro de formación e recursos.
6. A acta de avaliación farase pública no seguinte enderezo:

[<https://www.edu.xunta.gal/fp/convocatoria-estadias-empresas>]

#### Artigo 13. *Situación administrativa*

1. Durante a estadía na empresa ou organismo equiparado, o profesorado seleccionado recibirá as súas retribucións básicas e complementarias, e non terá vínculo nin relación laboral coa empresa ou institución de acollemento, nin poderá ocupar un posto de traballo dentro do seu cadro de persoal, polo que quedará excluído da lexislación laboral.
2. A Dirección Xeral de Formación Profesional remitiralles aos departamentos territoriais da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional unha relación do profesorado con indicación do centro ao que pertenza, indicando o período de realización das estadías formativas, así como os datos da empresa ou organismo equiparado na que se realizarán as estadías.
3. Os departamentos territoriais darán traslado desta circunstancia á Inspección de Traballo.

4. O profesorado que desenvolva unha estadía estará acollido ás pólizas de seguro de accidentes e responsabilidade civil subscritas pola Xunta de Galicia. As condicións das devanditas pólizas de seguro pódense consultar nas seguintes ligazóns:
  - a) Póliza de accidentes:  
[www.conSELLERIADEFACENDA.GAL/documents/20696201/20699665/Poliza-Accidentes.pdf/26212415-1440-467b-9e0c-f7f32c90823d](http://www.conSELLERIADEFACENDA.GAL/documents/20696201/20699665/Poliza-Accidentes.pdf/26212415-1440-467b-9e0c-f7f32c90823d)
  - b) Póliza de responsabilidade civil:  
[www.conSELLERIADEFACENDA.GAL/documents/20696201/20699665/Poliza-RC.pdf/ef4223b0-7eed-4b25-9486-f8b1771ba7e3](http://www.conSELLERIADEFACENDA.GAL/documents/20696201/20699665/Poliza-RC.pdf/ef4223b0-7eed-4b25-9486-f8b1771ba7e3)

#### *Artigo 14. Cancelación da estadía*

1. O incumprimento do disposto nesta convocatoria dará lugar á cancelación da correspondente estadía formativa, coa consecuente perda de certificación e do dereito a percibir as indemnizacións ás que se fai referencia no artigo 10 desta convocatoria.
2. Non obstante o anterior, nos casos debidamente xustificados poderase percibir a parte de indemnización ou a certificación proporcional ao tempo de realización da estadía.
3. A empresa ou institución na que se realice a estadía poderá solicitar a cancelación desta por causas motivadas a través dun informe xustificativo e debidamente asinado .

#### *Artigo 15. Certificación*

1. O profesorado que realice unha estadía formativa en empresas ou organismos equiparados ao abeiro desta convocatoria e que acade unha avaliación positiva obterá unha certificación por formación do profesorado correspondente ao número de horas de formación que resulte axeitado de acordo co tempo efectivo de estancia na empresa e coa análise da memoria final de execución, nos termos previstos na Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia.

A devandita certificación será expedida polo/a director/a do centro de formación e recursos correspondente.



2. O profesorado que non acade a avaliación positiva no desenvolvemento da estadía realizada ou non achegue toda a documentación xustificativa en tempo e prazo non obterá a certificación.

Santiago de Compostela

María Eugenia Pérez Fernández  
A directora xeral de Formación Profesional